

# BANDO

## AXUDAS Á ESCOLARIZACIÓN, CURSO 2020/2021

Informase aos veciños e veciñas que o Concello de Pontecesures convoca as Axudas á Escolarización dirixidas ao alumnado de Educación Infantil (2º ciclo) e de Primaria e da ESO.

A Prestación consiste nunha axuda económica de pago único, destinada a afrontar os gastos que xera a dotación de libros e material escolar entre outros para o 2º ciclo de Ensino Infantil e para os gastos extraordinarios en equipamento e vestiario que xera o inicio do curso escolar para alumnado de ensino primario e secundario.

### Persoas beneficiarias e requisitos:

Escolares que cursen o 2º Ciclo de Educación Infantil, e escolares que cursen Primaria e ESO, membros de unidades familiares empadroadas e con residencia efectiva en Pontecesures, que non reciban outras axudas polo mesmo concepto e finalidade, cuxa unidade familiar non supere os límites económicos (ingresos por todos os conceptos, incluído o rateo das pagas extraordinarias) que se establecen no 100% SMI para dúas persoas, no 125% para 3, incrementado nun 10% por cada membro adicional.

Nº MUF	Máximo semestre	Media mensual
2	6.650,00	1.108,33
3	8.312,50	1.385,42
4	8.977,50	1.496,25
5	9.642,50	1.607,08
6	10.307,50	1.717,92

a) Educación Infantil: Bolsa económica cunha contía individual de 100€ por menor.

b) Ensino primario e Secundario: Bolsa económica cunha contía individual de 80€ por menor

No caso de que o número de solicitudes (que cumpran os requisitos) sexa superior ó número de Bolsas previsto, concederanse aos que acaden maior puntuación na baremación das solicitudes.

### Documentación:

- Solicitude segundo modelo
- Fotocopia do DNI da persoa Solicitante e integrantes da UFC
- Xustificante do curso que realiza a/o menor
- Fotocopia do Libro de Familia
- No seu caso, Tarxetas de demanda de emprego
- Xustificación, no seu caso, do pago de aluguer ou de créditos hipotecarios de xaneiro a xuño
- Xustificantes dos ingresos de tódolos membros da unidade de convivencia desde o 1 de xaneiro ao 30 de xuño 2020 (nóminas, certificados de prestacións e/ou pensións, ...)
- Declaración do IRPF 2019 ou Certificación Negativa da AEAT

-Certificación bancaria do número de conta IBAN

*No caso de non ter ingresos presentarse o estrato de movementos das contas bancarias nas que figure dos seis últimos meses.*

*A documentación presentarse referida a todas as persoas que convivan no domicilio, con independencia de se son ou non integrantes da unidade familiar.-*

*O empadramento e a convivencia serán comprobados de oficio polo concello*

**Prazo de Solicitud:**

**ata o 15 de setembro**

**Lugar:**

**Rexistro Xeral do Concello (Oficinas Xerais)**

Para máis Información e descarga dos formularios poden consultar a páxina web do concello [www.pontecesures.org](http://www.pontecesures.org) ou dirixirse ao Servizo Social Comunitario deste Concello.

Pontecesures, 30 de xullo de 2020

O ALCALDE

Juán Manuel Vidal Seage

